

AS MODALIDADES ORACIONAIS

Na comunicación diaria é importante manifestar claramente a nosa actitude e intención ante aquilo que lles queremos transmitir aos demais: se estamos cansos ou felices, se queremos expresar os nosos desexos, se queremos compartir unha información... Para transmitir estas intencións elixiremos unha **modalidade** ou outra na expresión dos nosos enunciados.

As modalidades oracionais son as seguintes:

- **Enunciativa.** O emisor pretende ofrecerlle ao seu destinatario unha información de carácter obxectivo: *Esta novela trata da Primeira Guerra Mundial.*
- **Interrogativa.** O emisor utiliza este tipo de modalidade cando espera unha resposta do seu destinatario. A modalidade interrogativa pode ser:
 - Directa: vai con signo de interrogación (*Liches a nova novela?*).
 - Indirecta: non vai con signo de interrogación (*Preguntoume se lera a nova novela*).
 - Total: espérase unha resposta con si ou non (*Liches esa nova novela?*).
 - Parcial: espérase unha resposta aberta (*Que novela estás a ler?*).
- **Exclamativa.** O emisor pode expresar emocións, sentimentos ou admiración ante certos feitos: *Que boa é esta novela!*
- **Dubitativa.** Esta modalidade utilízase para formular unha dúbida ou unha posibilidade: *Se cadra leo esa novela que me recomendas.*
- **Desiderativa.** O emisor pode expresar desexos utilizando enunciados desta modalidade: *Gustárame que leses esta nova novela. Oxalá se publique a segunda parte desta novela.*
- **Imperativa.** O emisor transmítelle unha orde ou un rogo ao seu destinatario: *Deixa xa de ler tanto!*

Segundo emitimos os enunciados, podemos representar graficamente do seguinte xeito as principais modalidades de entoación:

Entoación enunciativa. Corresponde ás oracións enunciativas, ás veces é aplicable a dubitativas e desiderativas.

A miña amiga e eu chegamos tardísimo á clase esta mañá.

Entoación interrogativa. Corresponde ás oracións interrogativas directas, sexan totais ou parciais.

Chegastes tarde a túa amiga e ti á clase esta mañá?

Entoación exclamativa. Corresponde ás oracións exclamativas.

Que tarde chegastes!

Lembra

Os signos de interrogación e de exclamación, así como os puntos suspensivos, axudan a matizar a intención comunicativa do falante.

TON NORMAL
LIÑA DE ENTOACIÓN